

**EN GALICIA
PODEMOS.**

Título I

A Asemblea Cidadá Autónomaica

Artigo 1. Asemblea Cidadá Autónomaica.

A Asemblea Cidadá Autónomaica é o máximo órgano de decisión en Galicia e posúe, de forma permanente, a máxima capacidade de decisión na nosa comunidade autónoma, sempre en coherencia cos acordos emanados da Asemblea Cidadá de Podemos. Correspóndelle autonomía respecto de todas as cuestións de especial relevancia para o conxunto da organización en Galicia, sempre que non contraveñan os principios xerais de Podemos nin as decisións dunha Asemblea Cidadá de ámbito territorial superior.

As decisións da Asemblea Cidadá Galega serán vinculantes, e non poderán ser revogadas máis que pola mesma Asemblea Cidadá ou por outra Asemblea Cidadá de ámbito territorial superior (cando afecte, exclusivamente, a cuestións con relevancia supra territorial).

Sen prexuízo da coordinación da estratexia política e do principio de xerarquía normativa dos ámbitos territoriais superiores, Podemos actuará co principio de subsidiaridad emanado dos documentos aprobados en Vistalegre II, sendo os órganos territorialmente inferiores os privilexiados para establecer criterios organizativos propios no que respecta á acción política dentro do seu propio territorio.

A Asemblea Cidadá Galega permanecerá activa de maneira continuada. Galicia contará cunha Asemblea Cidadá, un Consello Cidadán e unha Secretaría Xeral.

Artigo 2. Asemblea Cidadá Galega ordinaria.

A Asemblea Cidadá Autónomaica ordinaria reunirse como mínimo cada dezoito meses e como máximo cada catro anos, e ocuparse polo menos das decisións relativas á liña estratéxica no territorio, a elección da Secretaría Xeral Galega, a composición do Consello Cidadán de Galicia e a composición da Comisión de Garantías Democráticas Autónomaica. Transcorrido un período de catro anos a Asemblea Cidadá Galega ordinaria entenderase convocada de forma automática.

Para asegurar a coherencia do proxecto, a elección da liña estratéxica no territorio (documentos organizativo, ético, de igualdade e político), a da Secretaría Xeral Galega e a composición do Consello Cidadán de Galicia faranse de forma relacionada e nun mesmo proceso.

Todas as persoas inscritas en Podemos en Galicia terán dereito a participar, con voz e voto, na Asemblea Cidadá Galega ordinaria. Neste sentido, a Asemblea Cidadá Galega ordinaria arbitrará todos os mecanismos dispoñibles para garantir o exercicio do dereito a voz e voto de todas as persoas inscritas no territorio, para o que utilizará todas as ferramentas presenciais e telemáticas ao seu alcance.

Artigo 3. Asemblea Cidadá Galega permanente.

A Asemblea Cidadá Galega considerarase aberta de forma permanente para a realización de procesos de decisión e consultas vinculantes sobre temas de especial relevancia política no territorio de Galicia.

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

A Asemblea Cidadá Galega permanente tamén poderá convocar a súa propia lexitimidade (convocarse a si mesma) para cuestións que estime de especial transcendencia ou relevancia para Galicia, incluída a convocatoria dunha Asemblea Cidadá Galega ordinaria transcorridos polo menos dezaoito meses desde a anterior.

Artigo 4 . Composición.

A Asemblea Cidadá Autonómica estará composta por todas as persoas inscritas en Podemos en Galicia.

Artigo 5 . Competencias.

Serán competencias exclusivas e intransferibles da Asemblea Cidadá Galega:

- Determinar a forma na que se trasladan as liñas políticas xerais e os principios programáticos de Podemos ao territorio.
- Elixir e revogar á persoa que exercerá a Secretaría Xeral Galega.
- Elixir e revogar ao Consello Cidadán de Galicia ou a calquera dos seus membros. Este órgano elixirase mediante un sistema de listas abertas, corrixido con criterios de xénero (para garantir un mínimo do 50% de mulleres).
- Elixir e revogar á Comisión de Garantías Democráticas Autonómica.
- Aprobar os programas electorais definitivos (tras un proceso de elaboración participativa) correspondentes a procesos electorais de ámbito galego, sen contradicir os principios programáticos aprobados por asembleas de orde territorial superior.
- Decidir a fórmula política e xurídica na que se concorre aos diferentes procesos electorais de ámbito galego, e establecer os criterios marco cos que se concorre aos comicios de ámbito inferior ao autonómico dentro do territorio correspondente.
- Elaborar, mediante un proceso de primarias abertas, as listas electorais para optar a cargos públicos nas institucións de representación de ámbito galego, que contén cun mínimo do 50% de mulleres.
- Aprobar ou rexeitar calquera tipo de pacto ou alianza preelectoral ou postelectoral de goberno para as institucións de representación de ámbito galego, consonte os principios xerais aprobados polas asembleas de orde territorial superior, e establecer os criterios marco cos que se poden levar a cabo alianzas de ámbito inferior ao autonómico dentro de Galicia.
- Definir as funcións e a forma de coordinación cos Círculos territoriais ou sectoriais de Galicia e, no seu caso, definir espazos de representación intermedios entre o municipal e o autonómico.

A elección da Secretaría Xeral Galega, o Consello Cidadán de Galicia, así como a aprobación de documentos políticos, de igualdade, organizativos ou éticos en Asemblea Cidadá Galega ordinaria sempre requirirá que dita asemblea sexa convocada en forma presencial durante polo menos unha fase do proceso de debate.

No caso de que os acordos da Asemblea Cidadá Galega impliquen a disolución do partido ou outras cuestións legais relacionadas, así como calquera proceso de cambio de natureza orgánica con outras forzas políticas, será necesario adoptar as decisións

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

por maiorías cualificadas de 2/3 das persoas inscritas no territorio e 2/3 dos Círculos activos.

Artigo 6 . Convocatoria.

Os procedementos de convocatoria da Asemblea Cidadá Galega, ordinaria ou permanente, serán análogos aos da Asemblea Cidadá Estatal, tendo en conta que a Asemblea Cidadá Galega só poderán adoptar decisións ao redor das materias de competencia territorial galega, e outras de especial transcendencia.

Para a realización da convocatoria da Asemblea Cidadá Galega por parte dos inscritos, desenvolverase un regulamento específico que inclúa os procedementos que se deberán seguir. Nestes procesos de votación só poderán participar os inscritos e as inscritas de Podemos do ámbito territorial de Galicia, agás aquelas persoas residentes no exterior, que poderán estar inscritas á vez na circunscrición exterior e na súa comunidade autónoma ou municipio de orixe.

Artigo 7. Organización.

A organización técnica da Asemblea Cidadá Galega ordinaria correspóndelle ao Consello Cidadán de Galicia.

As Asembleas Cidadás Galegas permanentes serán organizadas por quen as convoquera. No caso de que a convocatoria fose levada a cabo polos Círculos ou directamente polas persoas inscritas, coordinaranse co Consello Cidadán Galego, que lles facilitará os medios para a súa organización.

O Consello Cidadán Galego

Artigo 8. Definición

O Consello Cidadán Galego é o órgano encargado de debater, decidir e executar a dirección política de Podemos en Galicia entre Asembleas Cidadás Galegas ordinarias, e sempre consonte o aprobado nestas e coa liña estratéxica xeral de Podemos.

Estará composto por 29 persoas elixidas para ese efecto, máis 4 persoas elixidas en proceso separado, como representantes dos círculos, así como a persoa que ocupe a Secretaría Xeral Galega.

A composición do Consello Cidadán Galego contemplará os mecanismos oportunos para garantir a súa coordinación cos niveis de organización territorial inferiores e superiores. Que será definido nun regulamento interno, elaborado para ese efecto, nun prazo non superior a 45 días desde a súa constitución.

Artigo 9. Competencias.

Son competencias do Consello Cidadán Galego:

- Impulsar a liña política de Podemos aprobada pola Asemblea Cidadá Autonómica, sempre en coherencia coas liñas estratéxicas xerais de Podemos.
- Aprobar ou rexeitar a proposta de orzamentos anuais presentadas polo Consello de

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

Coordinación Galego, sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá Autonómica poida esixir, segundo os procedementos previstos, a súa ratificación.

- Aprobar ou rexeitar as propostas de orzamentos extraordinarios presentadas polo Consello de Coordinación Galego, sen prexuízo de que a Asemblea Cidadá Galega poida esixir, segundo os procedementos previstos, a súa ratificación.
- Revisar e, no seu caso, redactar, refundir, adaptar e harmonizar para o territorio de Galicia todos os regulamentos de carácter xeral e desenvolver regulamentos propios para Galicia, incluíndo o do propio Consello Cidadán Galego.
- Nomear e substituír ás persoas que conforman o Consello de Coordinación Autonómico, a proposta da persoa que exerza a Secretaría Xeral Galega, do Consello de Coordinación ou do 55% do CCG.
- Nomear e substituír ás e os responsables das secretarías, áreas e equipos de traballo, a proposta da persoa que exerza a Secretaría Xeral Galega, do Consello de Coordinación ou do 55% do CCG.
- Elaborar e aprobar a memoria de xestión e análise político que deberá presentar anualmente o propio Consello Cidadán Galego.
- Organizar, no seu caso, o proceso electoral de revogación da persoa elixida para ocupar a Secretaría Xeral Galega, ou de calquera membro do Consello Cidadán Galego, que terá que levar a cabo tras o período prescrito e sobre o mesmo corpo electoral que lles elixiu. Para a realización dos procesos de revogación, realizarase un regulamento específico de revogatorio que será público e previo.
- Crear todas aquelas estruturas organizativas de carácter intermedio (comarcal, rural, intercomarcal, provincial ou doutro tipo) necesarias para o funcionamento do propio Consello Cidadán Galego e adaptadas ás necesidades concretas de Galicia, con especial atención ás zonas rurais.
- Definir os mecanismos necesarios para a coordinación política do Consello Cidadán Galego cos grupos parlamentarios, así como elixir - tras escoitar ao grupo parlamentario - as súas estruturas de funcionamento, contratacións, voceirías e ás persoas que desempeñarán esas responsabilidades.
- Definir os mecanismos necesarios para a coordinación política do Consello Cidadán Galego cos cargos electos nas eleccións municipais, tendo en conta a idiosincrasia propia de cada Municipio.

Artigo 10. Convocatoria.

O Consello Cidadán Galego poderá ser convocado en calquera momento:

- A proposta da Secretaría Xeral Galega, da persoa adxunta á SX ou da secretaría de área interna, ou do seu Consello de Coordinación.
- A petición do 45% do Consello Cidadán Galego.
- A petición do 10% das persoas inscritas en Podemos en Galicia ou do 40% dos Círculos validados no territorio.

O quórum do Consello Cidadán Galego en segunda convocatoria constituirase cun 20% do devandito Consello. A non asistencia (sen xustificar) dunha persoa membro do

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

CCG a tres reunións causaríase o cesamento inmediato do cargo, que pasaría a ocupar a seguinte persoa en número de votos, independentemente da lista na que concurrira, tendo en conta sempre a corrección de xénero.

Artigo 11. Funcionamento.

O Consello Cidadán Galego elaborará o seu propio regulamento de funcionamento e determinará a súa estrutura funcional, atendendo aos seguintes mínimos:

- Secretaría de Círculos.
- Secretaria Programa.
- Secretaría de Acción Institucional e Participación Social.
- Secretaría de Análise.
- Secretaría Municipalismos.
- Secretaría de Formación e Area interna.
- Secretaría de Feminismos.
- Secretaría de Asociacións.
- Secretaria Comunicación.
- Secretaria construír Galicia.
- Secretaria mocidade.
- Adxunto a Secretaría Xeral
- Catro representantes dos Círculos activos en Galicia, cuxa elección se realizará de forma presencial na Asemblea Cidadá Autonómica.

Poderá cambiar a estrutura a proposta do consello de coordinación e do secretario xeral.

Existirá a capacidade, a proposta da secretaria xeral, da creación de secretarías técnicas para a xente da sociedade civil.

Para manter o órgano o máis estable posible é importante regular as dimisións, polo que establécese que ninguén que dimita do seu cargo poderá presentarse ao mesmo órgano do que dimitiu en, como mínimo, as seguintes eleccións internas.

No caso de que un 45% dos círculos soliciten formalmente a discusión de calquera cuestión no seo do Consello Cidadán Galego, este será incorporado na seguinte orde do día

A Secretaría Xeral Galega

Artigo 12. Definición

A Secretaría Xeral Galega é o órgano que exerce a representación política e institucional de Podemos no Galicia, coordinando as súas actividades e asegurando a coherencia estratéxica do seu discurso e acción política, así como a coordinación e a coherencia estratéxica con Podemos a nivel estatal.

Artigo 13. Competencias.

Serán competencias da persoa elixida para exercer a Secretaría Xeral Galega:

- Exercer a representación política e institucional de Podemos en Galicia, coordinando as súas actividades. Con todo, o Consello Cidadán Galego nomeará 2 persoas

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

voceiras, diferentes ao SG, das cales, polo menos 1 será unha muller.

- Presidir o Consello Cidadán e o Consello de Coordinación (na súa ausencia, presidirá ambos órganos a persoa que exerza a secretaria adxunta á SX ou a de Area interna). Convocar a Asemblea Cidadá Galega.
- Convocar aos cargos orgánicos municipais, aos concelleiros, cargos institucionais e aquelas outras persoas da sociedade civil a participar do seu consello de coordinación.
- A delegación da representación orgánica e política en Galicia, con plena capacidade xurídica de figurar en nome de Podemos no exercicio das súas competencias territoriais como Secretario Xeral.

Artigo 14. Elección.

A persoa que ocupe a Secretaría Xeral Galega será elixida pola Asemblea Cidadá Autonómica mediante sufraxio libre e directo.

As candidaturas presentaranse consonte o establecido nun regulamento público previo que esixirá, como requisito, unha antigüidade mínima de 12 meses de inscrición en Podemos e de, polo menos 9 meses de antigüidade da súa inscrición no territorio galego.

A persoa que ocupe a Secretaría Xeral Galega poderá ser revogada mediante a convocatoria dunha consulta vinculante revogatoria á Asemblea Cidadá Galega que o nomeou. O Consello Cidadán Galego, actuando de maneira colexiada, será o encargado de organizar o proceso electoral de revogación.

O Consello de Coordinación Galego

Artigo 15. Consello de Coordinación Galego.

O Consello de Coordinación Galego é o órgano colexiado en que se apoia a Secretaría Xeral Galega e o Consello Cidadán Galego para realizar as tarefas de carácter político e de coordinación interna.

O Consello de Coordinación Galego, actuando de maneira colexiada, atenderá as obrigacións de carácter xeral da organización no seu ámbito territorial e asumirá as decisións políticas inmediatas, coordinando a actividade política e executiva das diferentes áreas e equipos de traballo galegos.

O Consello de Coordinación Galego estará composto pola Secretaría Xeral Galega, que o presidirá; e un número de entre 10 e 20 persoas elixidas polo Consello Cidadán Galego de entre os seus propios membros, a proposta da Secretaría Xeral Galega. A súa composición contará con polo menos un 50% de mulleres.

O Consello de Coordinación Galego organizarase en secretarías establecidas

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

polo Consello Cidadán Galego, coas funcións que o propio Consello Cidadán encoméndelles.

Os membros do Consello de Coordinación Galego poderán ser revogados polo Consello Cidadán Autonómico ou pola Asemblea Cidadá Autonómica mediante unha consulta vinculante.

Para iniciar un proceso revogatorio sobre o mandato dun integrante do Consello de Coordinación Galego será necesario que transcorrese o prazo mínimo para a revogación, achegar o aval dunha quinta parte das persoas inscritas en Podemos no territorio ou o 45% dos Círculos activos no territorio.

O Consello Cidadán Galego, actuando de maneira colexiada, será o encargado de organizar o proceso electoral de revogación. Os referendos revogatorios dos membros do Consello de Coordinación Autonómico serán de carácter exclusivamente individual.

O Consello de Coordinación Autonómico nomeará a unha persoa responsable da área de Coordinación, que será o responsable territorial de protección de datos que terá pleno acceso ao censo do seu territorio e poderá operar con el consonte o previsto na Lei Orgánica de Protección de Datos.

Con carácter trimestral representantes do consello de coordinación convocarán ás voceiras dos círculos para manter unha xuntanza para atender e debater sobre todas as cuestións que afectan ós círculos e recoller suxerencias para trasladar ó Consello de Coordinación.

A Comisión de Garantías Democráticas Autonómica

Artigo 16. Definición.

A Comisión de Garantías Democráticas Autonómica é o órgano, imparcial e independente, encargado de coñecer e resolver, en primeira instancia, calquera violación dos dereitos das persoas inscritas en Podemos no seu territorio, e de velar polo cumprimento dos principios fundamentais e as normas de funcionamento da organización consonte o establecido na normativa xeral e territorial da organización.

Artigo 17. Composición.

A Comisión de Garantías Democráticas Autonómica estará composta por 4 membros, elixidos directamente a Asemblea Cidadá Autonómica entre as persoas inscritas, con polo menos seis meses de antigüidade en Podemos, mediante voto directo entre candidaturas que poderán ser agrupadas en listas abertas non necesariamente completas.

Serán membros da Comisión de Garantías Democráticas Autonómica as persoas máis votadas que garantan a presenza de polo menos un 50% de mulleres. Os seus membros non poden ser substituídos durante o mandato para o que foron elixidos.

A Comisión de Garantías Democráticas Autonómica poderá ser revogada, de maneira conxunta como órgano, mediante a convocatoria dunha consulta vinculante revogatoria ante a Asemblea Cidadá Autonómica que a elixiu, transcorrido o prazo mínimo para

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

a revogación e achegando o aval dunha quinta parte das persoas inscritas en Podemos Galicia ou dun 45% dos círculos.

Artigo 18. Funcións.

A Comisión de Garantías Democráticas Autonómica velará, en última instancia, polo bo funcionamento da organización consonte a súa propia normativa, a defensa dos dereitos das persoas inscritas fronte á organización e os seus órganos, e o cumprimento dos compromisos éticos e políticos dos seus membros fronte aos electores en Galicia.

Todas as resolucións de carácter disciplinario ou sancionador dos órganos de Podemos en Galicia, ou nos seus entes política ou legalmente vinculados que afecten as persoas inscritas en Podemos, serán recorribles ante a Comisión de Garantías Democráticas Autonómica.

Artigo 19. Funcionamento.

A Comisión de Garantías Democráticas Autonómica actuará exclusivamente a petición de calquera membro inscrito ou órgano do partido segundo o seu propio regulamento, ditaminando, acordando, decidindo ou resolvendo sempre de forma escrita e motivada consonte os Estatutos, o Código Ético, a normativa formada polos regulamentos e protocolos aplicables, e en consonancia cos principios de democracia, transparencia e demais elementos esenciais de Podemos e os fundamentos xerais do Dereito.

As resolucións de carácter disciplinario levarán a cabo, exclusivamente, a partir da apertura dun expediente escrito iniciado polo Consello de Coordinación, do seu ámbito territorial ou superior, consonte os Estatutos.

Ningunha Comisión de Garantías Democráticas poderá levar a cabo ningunha actuación, nin sequera indagatoria, contra ningún membro inscrito sen que medie a apertura dun expediente sancionador na súa contra.

A Comisión de Garantías Democráticas poderá levar a cabo, a petición de parte, calquera outra actividade indagatoria e solicitar, a partir delas, formalmente a apertura dun expediente sancionador en escrito motivado ao Consello de Coordinación do seu territorio ou ao Consello de Coordinación Estatal.

As resolucións da Comisión de Garantías Democráticas Autonómica serán recorribles ante a Comisión de Garantías Democráticas Estatal e así se comunicará nelas. En todas as súas resolucións as Comisións de Garantías Democráticas Autonómicas permitirán recurso ante a Comisión de Garantías Democráticas Estatal, que actuará como segunda instancia.

Consonte as demais Comisións Autonómicas e a Comisión Estatal poderanse establecer outros procedementos e regulamentos, públicos e previos, acordes cos principios apuntados, para resolver da forma máis regrada posible aspectos concretos da súa actuación e unificar a súa actividade.

Artigo 20. Procedementos de mediación.

Os conflitos políticos ou de convivencia que poden xurdir de maneira natural en calquera ámbito de traballo de Podemos deben tentar resolverse primeiro por vías políticas e de mediación entre compañeiros e compañeiras.

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

Xa que logo, estableceranse procedementos regrados de mediación, baseados na resolución rápida de conflitos no ámbito no que se producen para mellorar a calidade democrática dos nosos espazos de traballo e impedir o bloqueo orgánico das Comisións de Garantías Democráticas.

O Consello Cidadán Galego, a proposta do Consello de Coordinación Galego, encargará a unha das súas secretarías as tarefas de mediación, con competencias, ademais, en materia de razoables e ponderado medidas cautelares que prioricen e axilicen o cumprimento dos Estatutos de Podemos e o seu Código Ético, buscando solucións amigables, mantendo un clima amable de debate honesto e evitando unha cultura da confrontación e a resposta disciplinaria.

As Comisións de Garantías Democráticas poderán coñecer en última instancia calquera das resolucións dos equipos de mediación.

Finanzas

Artigo 21. Independencia Financeira

Opérase baixo o principio de responsabilidade, comprometéndose coa austeridade no gasto de recursos colectivos. A xestión de PODEMOS Galicia ten que ser sobria e equilibrada. Os gastos presupostaranse en función dos ingresos.

Para cumprir cos principios reflectidos nos parágrafos anteriores formulamos as seguintes medidas xerais que se deberán desenvolver en todos os ámbitos territoriais:

- PODEMOS Galicia non se financiará mediante créditos bancarios e en ningún caso PODEMOS GALICIA contraerá débedas por un valor superior ao 20% do seu orzamento anual.
- PODEMOS Galicia evitará, na medida do posible, depender das subvencións públicas para o seu funcionamento e fará uso responsable de aquelas das que puidera ser perceptor.
- Promoveremos un aforro entre eleccións mediante a creación dun fondo electoral para garantir recursos suficientes para afrontar as diferentes campañas.
- Apostamos decididamente por ampliar a base de colaborades económicos e doantes para asegurar un fluxo constante de ingresos, evitando a dependencia de grandes doantes. Limitaremos as doazóns máximas a 10.000 euros por ano e persoa, a excepción das e dos cargos electos de PODEMOS.

Artigo 22. Estrutura financeira

Propoñemos establecer condicións para a gradual descentralización da xestión financeira de Podemos a medida que os niveis organizativos interiores vaian consolidando as estruturas administrativas que garantan un control financeiro impecable e transparente. Estas condicións incluírán a capacidade de levar unha contabilidade de forma profesional e o cumprimento de requisitos legais e a implementación de mecanismos de control interno.

O Consello Cidadán Galego elixirá a un responsable financeiro que xunto coa persoa responsable da área de Coordinación formarán a Comisión de Finanzas Galega.

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

A Comisión de Finanzas Galega coordinarase cos responsables de finanzas a nivel inferior.

A Comisión de Finanzas Galega encargarse de velar polo cumprimento dos principios de transparencia e xestión responsables nos seus respectivos territorios co apoio da Comisión de Finanzas Estatal. Para iso contarán cunha estrutura administrativa que apoie nas labores contables aos responsables de nivel inferior para cumprir coas obrigas fiscais e a rendición de contas.

A comisión de finanzas galega encargarse tamén da canalización e control financeiro da parte do orzamento galego asignado ás actividades e ás estruturas municipais e dos Círculos.

Tamén serán funcións da Comisión de Finanzas Galega en coordinación coa Comisión de Finanzas Estatal:

- Xestionar orzamentos participativos para proxectos sociais en Galicia.
- Garantir o apoio preciso ás estruturas políticas galegas no desenvolvemento das súas actividades.
- A Comisión de Finanzas Galega realizará a función de fiscalización económica dos representantes e cargos electos do seu territorio, encargándose da publicación do seu patrimonio, ingresos e gastos.

Os ingresos das estruturas autonómicas provirán da asignación autonómica do orzamento xeral anual e verase ampliada polos seguintes recursos:

- Subvencións.
- Fondos de compensación autonómica.
- Crowdfundings específicos a nivel galego.

Título II Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira

En base ao artigo 48 do documento organizativo aprobado en Vistalegre II:

Art. 48 ... “Na primeira fase de Podemos, constatouse ademais a necesidade de adaptar a organización de base (municipal e supramunicipal) á diversidade territorial e demográfica do noso país. Nesta nova fase, incorpórase explicitamente a posibilidade de habilitar Coordinadoras municipais, comarcais, insulares, provinciais e doutros ámbitos supramunicipais mediante decisión descentralizada en cada territorio”

Propóñense para o territorio galego unha serie de índices de corrección que nos permitan dotarnos dos elementos adecuados para o funcionamento da nosa organización, de tal forma que:

No “Regulamento para os procesos internos municipais”:

III Asemblea Cidadá Podemos Galicia

Artigo 5. Requisitos para abrir as urnas: onde di “0,075% do total dos habitantes do municipio”, será substituído por “0,040% do total dos habitantes do municipio”. E en calquera caso, nun número nunca inferior a 7.

Artigo 6. Avais e condicións para o sufraxio pasivo dos cargos electos pola Asemblea Cidadá Municipal: onde di “non inferior ao 0,025 % dos habitantes do municipio”, será substituído por “non inferior ao 0,015 % dos habitantes do municipio”. E en calquera caso nun número nunca inferior a 6.

Artigo 7. Avais e condicións para o sufraxio pasivo dos cargos electos pola Asemblea Cidadá Municipal: onde di “non inferior ao 0,015 % dos habitantes do municipio”, será substituído por “non inferior ao 0,008 % dos habitantes do municipio”. E en calquera caso nun número nunca inferior a 5.

Disposición adicional segunda

Dado que Podemos é un partido de estrutura estatal, todas as contratacións efectuadas por Podemos Galicia terán carácter eventual, ao non ser estritamente necesarias para o seu funcionamento, senón que a súa necesidade virá marcada polos documentos político e organizativo que resulte máis votado en cada Asemblea Cidadá Galega, e por tanto tendo un carácter inequivocamente de cargos de confianza.

Desta forma os contratos formalizados por cada equipo electo en cada Asemblea Cidadá Galega consideraranse extintos 15 días despois de que se publiquen os resultados de cada proceso electoral interno de Podemos Galicia.

**EN GALICIA
PODEMOS.**